

ARREDOR DA HISTORIA DA EDUCACIÓN. NOTAS DE ACTUALIDADE.

Logo dun vizoso período de atención historiográfica á figura do Padre Sarmiento, dada a súa conmemoración en 2002 como Día das Letras Galegas rexistrouse un curso 2002-03 de relativo silencio na historiografía educativa en Galicia. Aínda así, hai novidades que é do caso glosar.

Segue a coller corpo o *MUPEGA* (Museo Pedagóxico de Galicia) dirixido polo profesor Vicente Peña. Fíxose no ano 2000 a edición facsimil, con estudo introductorio, de *La Primera Luz* de Murguía; dispois a Páxina WWW; convocou o Primeiro Foro Ibérico de Museismo Pedagóxico; editou, con rigoroso cuidado, os calendarios de mesa dos anos 2002 e 2003 con textos e imaxes; editou o CD-ROM *Repertorio bibliohemerográfico da educación en Galicia 1715-1970*; fixo unha primeira presentación dixital en edición multilingüe, e editáronse senllos estoxos de imaxes nos anos 2002 e 2003 co título *Mosaico de iconografía escolar de Galicia I e II*, que son unha auténtica delicia: un conxunto de 45 imaxes de distinta procedencia que recollen aspectos escolares desde fins do século XIX en Galicia, debéndose unha parte de tal memoria gráfica a aquela revista viguesa que foi *Vida Gallega*. Ademais e como nova iniciativa púxose a andar o "Certame escolar Memoria e recordos da escola" durante o período 1870–1970, tomando en consideración a experiencia continuada que sobre isto vimos tendo nas aulas de Historia da Educación en Galicia impartidas na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

Dentro da programación de *Cursos de Verán* da Universidade de Santiago, o profesor Uxío Otero ven programando desde Lugo e para a

súa realización na localidade de Foz, un Curso de Historia da Educación arredor do campo da ILE e das súas relacións con Galicia. Así neste verán de 2003 as Misións Pedagóxicas mereceron ser centro de atención.

Hai que salientar no aspecto conmemorativo e de *recuperación da memoria* o homenaxe que os Amigos da República lle fixeron en Ourense ao profesor Luis Taboada (que fora membro das Mocedades Galeguistas no tempo final da IIª República), editándose ao caso un cuidado opúsculo cun traballo do profesor Xosé Manuel Cid. É ligado ao homenaxe que en 1997 se lle fixo a Víctor Fariz, un dos máis destacados dirixentes da FETE en Galicia, saíu agora un estudio-crónica sobre a súa figura (GARRIDO MOREIRA, E., *Víctor Fraiz. Vida e asasinato dun mestre exemplar*, Fundación L. Tilve, Pontevedra, 2002) e arredor do sindicalismo no ensino durante a IIª República, que ven completar traballos que noutro momento realizamos.


Nun senso similar non podemos por menos de referirnos ao fermoso libro de crónicas de *historias de vida* de mestres pontevedreses preparado polo profesor Anxo Porto Ucha (*Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na IIª República, Guerra Civil e Franquismo*, Alén Miño, Ponteareas, 2003), ao tamén de historias de vida de mestres preparado pola profesora Aurora Marco (*Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*, E. do Castro, Sada, 2003), e á contribución recuperadora da figura de Alonso Ríos, que preparou o profesor Xosé M. Malheiro ('Antón Alonso Ríos: Unhas notas sobre emigración, agrarismo e escola rural', *A Trabe de Ouro*, 53/2003/pp.81-96). Neste ano, no que morreou Lois Tobío, a quen lle rendemos homenaxe, temos que sinalar que nos deixou nas súas *Décadas de L.T.* (O Castro, Sada) moi fer-

mosas páxinas de recordos escolares del na escola e no instituto e tamén do seu pai, isto é, historias de hai cen anos.

Cerramos esta crónica salientando que o investigador ourensán Hernández Figueiredo preparou un estudo histórico institucional sobre o seminario de Ourense, que botou a andar a comezos do século XIX (revista *Aurensia*, 2002), e que no remate do verán de 2003 e a través da revista de pensamento *Eixo Atlántico* (nº4, Vigo) editouse o monográfico "A mirada do outro: Para unha historia da educación na Península", un conxunto de contribucións de dezasete autores e poñentes españois e portugueses, que compuxeron a materia do IV

Encontro Hispano-Portugués de Historia da Educación que se celebrou en setembro de 2001 en Allariz, onde se analizou como portugueses e españois se percibiron durante os dous últimos séculos, a través dos filtros escolares (política educativa, manuais escolares, lecturas e informacións sobre "o outro", ...). Un Encontro, con presenza de investigadores de historia da educación de todas as Universidades hispanas, baixo a coordinación operativa dos profesores das universidades galegas Carmen Benso, Narciso de Gabriel, Xosé Luis Iglesias e Antón Costa.

Antón Costa Rico



ESCOLANO BENITO, AGUSTÍN: *La educación en la España contemporánea. Políticas educativas, escolarización y culturas pedagógicas, Biblioteca Nueva, Madrid 2002, 366 pp.*

Agustín Escolano, con unha cátedra propia na Universidade de Valladolid, con vocación investigadora desde hai moitos anos, con gusto pola erudición e pola colección case museística de documentos, con verdadeira delectación pola escritura e atención mesmo absorbente ás lecturas científicas e literarias, coa súa proverbial capacidade de animación e de relacións públicas e con unha capacidade de organización intelectual moi notable, ven de publicar hai agora un ano a mellor e máis atinada *historia da educación pública* da España contemporánea.

Un libro pletórico, ordenado, xusto, correctísimamente medido e pensado, con un *corpus* central e de contidos que recolle o esencial da constitución do sistema educativo español contemporáneo e unha *addenda* bibliográfica e documental xusta e precisa. E, por si fora pouco, con un oportunísimo *glosario* final. Este libro –*La educación en la España contemporánea*– recolle toda a experiencia pedagóxica de Escolano, decantada en páxinas verdadeiramente maxistras. As *políticas educativas*, traídas e tratadas relacionando íntimamente os conceptos de *política* e *educación*; a *escolarización*, un tema que o profesor castellano domina desde tódolos puntos de vista; e, como contextualización perfecta, as *culturas pedagógicas*, nas que brilla especialmente a cultura propia de Agustín Escolano.

A editorial “Biblioteca Nueva” tiña que sacar un libro coma éste por parte do responsable da súa “colección pedagóxica”. Como non podía ser menos. E todos os que traballamos en Historia da Educación non temos máis remedio

que felicitarnos por contar con un libro así para o noso traballo docente. Porque trátase dun libro ideal para os estudantes de Psicopedagogía (estou a pensar nas miñas alumnas e alumnos de “Historia dos sistemas educativos contemporáneos”) e para os de Pedagogía (polo ben que centra os problemas cardinais da educación española contemporánea).

En fin, obra magnífica a do veterano profesor que tantas mostras de calidade ten dado en Madrid –onde empezou a formarse–, en Oviedo, en Salamanca, en Valladolid, na súa participación en Congresos internacionais –sempre con un papel sobranceiro– e nas súas andanzas histórico-educativas e lúdico-culturais por Europa e América e, particularmente, por Italia, Brasil, Portugal e, por suposto, por España enteira.

¡Saúde e boa andaina, profesor Escolano!

Herminio Barreiro Rodríguez

TIANA FERRER, A.; SANZ FERNÁNDEZ, F (Coords.) *Génesis y situación de la Educación Social en Europa. Madrid, UNED, 2002.*

A los Profesores de la UNED Alejandro Tiana Ferrer y Florentino Sanz Fernández, que han coordinado esta obra, se les debe que podamos disponer de un libro de texto interesante y necesario para las asignaturas que abordan la perspectiva histórica y comparada de la educación social. En la redacción de los distintos temas en que se configura la obra, además de los mencionados profesores, intervienen otros autores, buenos conocedores todos ellos del campo de la historia de la educación social: Myriam Carreño, Cándido Ruiz Rodrigo, Carmen Labrador, Julio Ruiz Berrio, Feliciano Montero, Julio Ruiz Berrio y Antonio Víctor Martín García.

Lógicamente, por las propias características de un libro de texto editado por la UNED, la obra se adapta al perfil que tiene la asignatura en el plan de estudios de la titulación de Educación Social en esta Universidad, pero indudablemente es válida para las asignaturas que desde cualquier perspectiva buscan las raíces y siguen la trayectoria espacio-temporal de las dimensiones que en la actualidad configuran el currículo académico de la educación social. Aunque de algunas de estas dimensiones, en concreto de la llamada educación social especializada, se disponía ya de algún trabajo meritorio, se carecía de una obra de conjunto que abarcara, además del ámbito señalado, la génesis y trayectoria histórica de otros campos no menos identificativos de lo que actualmente constituye la educación social en el panorama académico y profesional, como son los relativos a la educación de las personas adultas y a la acción socioeducativa (ambos en el marco de lo que se entiende por educación no formal).

La obra responde por tanto al concepto que sobre la educación social domina en nuestros días. Así lo entiende Alejandro Tiana al afirmar que lo que hoy denominamos educación social "es el resultado de una evolución guiada por la necesidad de dar respuesta educativa a algunos desafíos sociales, económicos, políticos y culturales planteados a lo largo de la historia" y que se concretan en la actualidad –no sin admitir el autor serias reservas como consecuencia de jugar con categorías muy diversas que se yuxtaponen– en la educación de las personas adultas, la educación no formal, la inserción de las personas desadaptadas y minusválidas y la acción socioeducativa.

El libro comienza con el estudio de la historia de la educación social a partir del siglo XVI y se extiende hasta finales del siglo XX y su espacio

geográfico se circunscribe al continente europeo. Se estructura en tres unidades didácticas. La primera, destinada a la génesis de la educación social en Europa, comprende cuatro temas: modelos de acción social a través de la Historia, evolución del concepto de Educación Social, políticas públicas sobre educación social desde el siglo XVI al XIX y las instituciones y agentes de educación social desde el siglo XVI al XIX. La segunda estudia la educación social europea desde el siglo XIX hasta la segunda guerra mundial y se estructura en los siguientes temas: políticas públicas de educación social durante el siglo XIX y la primera mitad del siglo XX, el modelo educativo del movimiento social católico, el modelo educativo del movimiento obrero y el modelo educativo del movimiento reformista. Por último, la tercera unidad didáctica se destina a la educación social europea después de la segunda guerra mundial y abarca estos temas: nuevas problemáticas sociales y nuevas alternativas educativas, la educación social en España durante la segunda mitad del siglo XX, la educación de adultos en Europa y particularmente en España y las perspectivas actuales de educación social. Acompaña a cada uno de los temas una selección bibliográfica actualizada que permite indagar con más profundidad en lo tratado en el mismo y una selección de lecturas que al tiempo que esclarecen algunos de los conceptos más importantes tratados, facilitan la siempre interesante actividad del comentario de texto.

Aunque los coordinadores advierten que el libro no pretende ser exhaustivo y que "se limita a seleccionar algunos hitos o fenómenos que puedan servir de hilos conductores para introducir a los lectores en el conocimiento histórico de la educación social", cabe decir que mientras algunas cuestiones –como la pobreza y margi-

nación en el mundo moderno- son ampliamente comentadas y reciben tratamiento en varios temas, otros aspectos –pongamos por caso el tema del asociacionismo juvenil- o son ignorados o escasamente comentados. Algo que seguramente revisarán los autores en ediciones posteriores de la obra.

Carmen Benso

RUIZ BERRIO, J. (dir.): *La editorial Calleja, un agente de modernización educativa en la Restauración, Madrid, UNED Ediciones-Serie Proyecto MANES, 2002, 238 pp.*

Esta novidosa obra, realizada baixo a dirección do Dr. Ruiz Berrio, catedrático de Historia da Educación da Universidade Complutense de Madrid, insírese dentro das producións investigadoras derivadas do “PROYECTO MANES”, que se vén desenvolvendo dende o ano 1992, tendo como epicentro o Departamento de Historia da Educación e Educación Comparada da UNED. Un vizoso proxecto que segue en activo despois de superar con éxito a primeira década na súa singradura.

A publicación que nos ocupa súmase a outras oito que xa viron a luz vencelladas ó mesmo marco serial e dúas máis asociadas ó propio proxecto. Atopámonos, xa que logo, diante dunha liña de indagación moi fecunda que xa deu sazonados froitos e da que aínda agardamos novas realizacións para os vindeiros anos, tendo en conta a súa enorme potencialidade e as múltiples ramificacións que ata o momento veu experimentando.

Precisamente, unha boa mostra desa diseminación expansiva, provista dunha grande orixinalidade, é o traballo que aquí referenciamos, no cal se salienta a dimensión modernizadora

dunha das casas editoras máis coñecida, dinámica e prolífica que existiu en España, especializada nos ámbitos temáticos da educación e da infancia, e dun xeito máis particular na manua-lística escolar e nos libros de lectura infantil e xuvenil: a editorial fundada en 1876 por Saturnino Calleja. Unha empresa que, como aparece documentado neste traballo, mantivo a súa actividade durante un periplo case secular (1876-1958), se ben foi durante a Restauración cando viviu os seus anos de maior apoxeo, levando a termo ou posibilitando coas súas ferramentas impresas unha verdadeira experiencia de educación popular, tanto dentro como fóra das aulas, en tempos nos que de novo as prácticas educativas no noso país adquiriron un forte e decisivo pulo alén dos muros escolares. Como con acerto e fundamento aseveran os responsables do informe, Calleja “pretendía deleitar e instruír” e a esas dúas delicadas e adoito pouco doadas tarefas dedicoulles case tódolos seus esforzos, xa fose por medio dos contos “moralistas” que tanta sona lle deron, ou xa dos libros de texto para o ensino primario que encheron os pupitres de moitas aulas.

O equipo encabezado polo Prof. Julio Ruiz Berrio e integrado polo Prof. Anastasio Martínez Navarro –prematadamente falecido, pero de tan grato recordo entre tódolos membros da micro-comunidade científica dos historiadores da educación, e a quen con este libro se lle quere render unha emotiva e merecida homenaxe– xunto coas Profr^{as} Carmen Colmenar e Miryam Carreño, propúxose afrontar o estudio da totalidade da produción de manuais didácticos, libros de lectura e material escolar publicados baixo o selo editorial de Calleja. Ó mesmo tempo someteu a revisión os programas escolares coetáneos e dedicoulle un singular tratamento monográfico á lectura en canto materia académica de funcio-

nalidade instrumental e disciplina de aprendizaxe cuns métodos de ensino específicos. Todo isto conduce ó devandito grupo de docentes a espigar e subliñar as innovacións máis notables que Calleja introduciu na cultura escolar librería e non librería, contribuíndo por esta vía á modernización social de España.

A obra que nos ocupa –cómpre dicilo xa a estas alturas, porque constitúe para ela un valor engadido– ten a súa orixe nun proxecto de investigación subvencionado polo C.I.D.E. en 1994, o que evidencia o seu carácter precursor na temática que aborda. Aparece estruturada en nove capítulos ós que acompaña unha selecta bibliografía, agrupada en catro bloques, e unha atractiva escolma de ilustracións relativas ás producións da casa editora obxecto de estudo e ós seus artífices.

No primeiro capítulo procédese á presentación do traballo e ponse ó lector ó tanto do desenvolvemento da investigación dende unha perspectiva endóxena, remarcando o papel desempeñado polas editoriais como “agencias de educación” e de maneira especial a rexentada por Saturnino Calleja. No segundo capítulo ofrécese unha caracterización da sociedade, a cultura e a educación españolas durante o derradeiro cuarto do século XIX e o primeiro do XX. Nos dous seguintes bosquexanse as traxectorias do editor e da súa empresa. Para xa entre o quinto e o sétimo adentrarse no cerne do traballo que está configurado pola análise pormenorizada e detida da produción material e intelectual dese “mundo real y mágico a la vez” que é a Casa Calleja, nas súas concrecións nas áreas de contido da educación e da infancia. Dos tres capítulos citados, resérvase-lle o seu ós textos didácticos, nas variantes librerías monodisciplinar e enciclopédica, segundo as materias que conformaron o currí-

culo ou programa da ensinanza primaria durante a secuencia cronolóxica delimitada; ás obras para a lectura, que van precedidas dunha acada contextualización, e de maneira máis sucinta ó material escolar. No oitavo capítulo expóñense as innovacións educativas que a Editorial Calleja promoveu no sistema escolar español dende o seu espacio de acción, procurando “conectar con los cambios tecnológicos, financieros, científicos, psicológicos, etc., que en la gran familia europea y americana se estaban produciendo”. Finalmente, a obra péchase co enunciado dalgunhas das iniciativas que alentadas por Calleja repercutiron na renovación social do país no decurso da xa comunmente coñecida como Idade de Prata da cultura española, ó rente do labor doutras institucións polas que a comunidade investigadora, dende varias especialidades, ten amosado xa a súa preocupación intelectual.

Sen lugar a dúbidas, estamos ante un traballo de incuestionable orixinalidade, elaborado con erudición, método e rigor, que posúe a virtualidade de devolvernos, logo de ser convenientemente destilado polo alambique dun solvente grupo investigador, ós historiadores da educación e a toda a comunidade educativa un referente fundamental da memoria escolar –e ata dalgúns dos rexistros da sentimental– e tamén do imaxinario infantil colectivo dunha xeración que hoxe supera xa o medio século. Polo demais, non podemos deixar de engadir que a monografía achéganos un bo e útil modelo para reconstruír a traxectoria doutras editoras semellantes –grandes ou pequenas, que de todo hai– comprometidas co mundo do ensino e os seus públicos destinatarios. Unha tarefa esta que non admite demora e que requirirá máis adiante acometer novas análises en clave comparativa.

Vicente Peña Saavedra

MARCO, A., *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras, Edicións do Castro, Sada, 2003*

Da man atenta da profesora Aurora Marco, que resgatou con *As Precursoras* e outros textos temunhas de historia social e da loita pola liberdade en feminino, ven agora este *Vidas de Mestras*, un cumprido e fino ensaio que nos conforonta coa polémica sobre a educación das mulleres en Galiza entre 1850 e 1936 a través de diversos e significativos textos e discursos, e dos trazos vitais de tres destacadas mestras: Concepción Sáiz Otero, Antonia de la Torre e Antía Cal.

Constrúe Aurora Marco unha ruta principal sinalada polo protagonismo e a presenza actoral das profesoras máis conscientes do seu papel e función social, en pugna co conservadurismo e o tradicionalismo relixioso, político e social dunha sociedade marcada polas discriminacións de xénero. Constantemente sobardaron as posicións que enclaustraban a presenza feminina, pero ao fío de loitas femininas e do respecto manifestado pola ILE, foi abrollando, con todo, ese protagonismo, que se expresou por medio dun número significativo de nomes en feminino que Aurora Marco nos vai amosando ao longo do ensaio. Un ensaio que quizais sabe a pouco, pero que sabe ben.

Antón Costa Rico

CAPELÁN REY, A: *Da violencia que non condenan. O centenario da folga xeral de maio na Coruña. Arquivo Histórico do Ateneo Libertario "Ricardo Mella", colección Xerminal, A Coruña, 2003, 128 pp.*

O Arquivo Histórico do Ateneo Libertario "Ricardo Mella" da Coruña ven publicando desde fai tres anos unha serie de traballos de moi diversa natureza acollidos baixo a denominación -

evocadora e esencial- de colección Xerminal. A historia local ou xeral, a cultura ou o mundo do traballo veñen definindo unha línea editorial que animamos a continuar. A diversidade pois como sinal de identidade e a investigación como alento fan que de cando en cando nos cheguen novos libros, sempre cun formato sinxelo e correcto xunto cun deseño característico que sorprende e motiva. A colección inaugurouse no ano 2001 cun traballo de Carlos Pereira a propósito da cultura no Concello de Culleredo durante a Segunda República. A este seguíno o traballo de Dionisio Pereira sobre o asociacionismo dos pescadores galegos a principios do século XX. Da man de Eliseo Fernández recordamos no número 3 da colección a "Escuela Racionalista de Ferrol" que comenzara a súa andaina educativa alá polo ano 1933. Tres anos despois, a pesar dos atrancos iniciais, era aquela unha experiencia xa consolidada. O levantamento militar, orixe da nosa máis triste e vil guerra rematou abruptamente coa escola e os seus fundadores.

En maio de 2003 a colección Xerminal sorprendíanos unha vez máis. Achegounos, có esmero e coidado editorial que a ven caracterizando desde o inicio da súa andaina editorial, un traballo espléndido do profesor Antón Capelán a propósito da folga xeral que o 31 de maio de 19001 aconteceu na Coruña. Folga que viña precedida doutra do día anterior e que derivou na declaración do Estado de Guerra na cidade e na súa comarca. Con pulso firme o profesor Capelán analiza, as causas, os personaxes e as circunstancias nunha crónica aceda pero necesaria que non deixa acasión á dúbida. Completa o seu traballo cunha impecable e equilibrada transcripción de documentos que nos permiten tomar parte e posición. E mesmo comprender o por que de tantos silencios cómplices. Con acertado tono narrativo o profesor Capelán ponnos diante dunha masacre. Aquela que protagonizaron as autoridades -as militares por acción e as

políticas por omisión-, contra os traballadores de Consumos e a cidadanía coruñesa en xeral que, en número dunhos 7000 -a cidade contaba entón con 45000 habitantes-, saíra a rua a protestar pola crise económica e as inxusticias das que viñan sendo vítimas. Na historiografía galega son aínda escasos os traballos e investigacións que teñan analizado en profundidade o tempo da Iª Restauración borbónica e da represión que a definiu como característica máis salientable. Chama a atención que unhos feitos tan graves -houbo sete mortos e máis de corenta feridos- non teñan sido máis tratados. Resulta moi significativo o silencio que os xornais da época gardaron sobre os acontecementos. Sabemos daqueles feitos en grande parte gracias ós historiadores do movemento obreiro. A historia oficial garda sobre esta traxedia un significativo silencio culpable que convida a denunciar aínda que só sexa por dignidade e respecto a unhas vítimas inocentes teimudamente esquecidas.

En tempos de recuperación da memoria, o profesor Capelán da man do Ateneo Libertario “Ricardo Mella” ven de axudar a encher o baleiro historiográfico que hoxe existe sobre o Exército e a Garda Civil en Galicia. Pero quedan aínda moitos temas por investigar: por exemplo a violencia institucional destinada a acadar a substitución lingüística, chea de capítulos arrepiantes.

Agardamos da iniciativa do Ateneo Libertario máis novidades coma a que agora protagoniza o profesor Capelán que nos permiten poñer algo de luz en capítulos da nosa historia recente. Esperamos tamén que os atrancos de distribución se vaian superando para que poidan dar a coñecer en mellores condicións outros traballos e investigacións cos que non dubidamos nos agasallarán no futuro.

J. Luis Iglesias

VARELA OROL, C., GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M., *Heterodoxos e malditos. Lecturas prohibidas na Universidade de Santiago (Transcripción de docs: M^a Lourdes Pérez González), Universidade de Santiago, Colec. Textos Históricos Fonseca, Santiago de Compostela, 2002.*

A Inquisición e a censura de libros foron un instrumento e unha práctica ao servizo do poder relixioso e político presente en todo o tempo da España moderna, que aínda penetrou durante as primeiras décadas do século XIX, pois abolida a Inquisición en 1813, no mesmo ano se procedía, con todo, a formar unha lista de libros que non debían correr libremente por ser contrarios á Relixión. Hai que salientar, de todos modos, que a censura de libros foi unha práctica presente no conxunto das nacións europeas, tanto católicas como protestantes, neste tempo, alén do que fora o refuxio holandés, composto polas sete Provincias Unidas do Norte.

A censura de libros levou á elaboración de Índices inquisitoriais, que a súa volta tamén tomaban en consideración os Índices romanos, sendo uns e outros atentidos para a elaboración doutros listados e inventarios particulares, como foi o caso dos Índices de Libros Prohibidos do Tribunal da Inquisición do distrito de Santiago, ou o dos ‘Catálogos de las obras y libros prohibidos que se conservaron en el Gabinete de la Biblioteca Pública de la Real Universidad de Santiago’, dos anos 1801, 1804-05, e 1813.

Foron estes últimos tres Catálogos (presentes na sección de manuscritos da Biblioteca Universitaria Compostelá) a materia documental que examinaron con rigor Concha Orol e Martiño González para facer unha reconstrución histórica dos territorios da intolerancia e da

liberdade nun extenso período europeo e español que vai desde o século XVI até os primeiros momentos do século XIX, facendo emerxer unha galería de heterodoxos e malditos, ou tamén de espíritos fortes.

Hai que sinalar que a presente contribución constrúese a partir da transcripción dos tres catálogos antecitados, onde se alude a uns 200 nomes e obras. Un conxunto no que están presentes, nuns casos, autores prohibidos, e outros, libros expurgados –cunha parte do seu texto anulado– ou prohibidos na súa totalidade. A transcripción da pé a unha importante reflexión sobre o poder e a censura e sobre as estratexias de control (Concha Orol), e a unha detallada observación analítica sobre obras e autores prohibidos, ou en todo caso de lectura restrinxida. A maioría irrecoñecibles para os lectores actuais, alén de nomes como Locke, Rousseau, Montesquieu, D'Olbach, Diderot, ... Con esta convicción os autores do estudio fixeron un seguemento case policiaco de autores e obras para podermonolos presentar no seu alcance teórico e ideolóxico: filósofos librepensadores, heterodoxos relixiosos e políticos, tolerantes. Deste modo podemos percibir tanto o alcance das fronteiras da exclusión, como o ímpetu da liberdade.

Á altura de 1804 había na Biblioteca Universitaria de Compostela 600 volumes heterodoxos, que chegaron a 2000 cando nela se integraron os case 1500 exemplares que ata 1813 se foran reunindo na Casa da Inquisición en Santiago (en todo caso, bastantes deles repetidos). A pesar da represión e do control, o afán da liberdade presente nos espíritos fortes permitía que tamén entre nós houbera un número significativo de heterodoxos, como nos permite contemplar esta monografía de coidada edición, que é asimesmo unha imprescindible

guía de lectura para aqueles que queiran penetrar neste territorio de obxectos literarios de difícil captación neste comezo de século XXI; un territorio no que se encontran desde libros filolóxicos e outros relixiosos, até outros de temáticas moi variadas: de historia, de viaxes, científicos e técnicos, de educación, eróticos, xurídicos, ou de ficción literaria, podendo descubrir entre eles mesmo o *Ensayo sobre la hidráulica* (1788) do asturiano afincado en Galicia Cónsul Jove, prohibido por seguir o sistema copernicano; ¡máis de douscentos anos despois da exposición copernicana! Unha lúcida e densa contribución e unha obra de referencia necesaria para entrar nos dominios da Inquisición literaria.

Antón Costa Rico

FERNÁNDEZ SORIA, J.M.; AGULLÓ DÍAZ, M^a C. Los temas educativos en las Memorias del Magisterio valenciano (1908-1909). Universitat de València, Valencia, 2002, 384 pp.

Os profesores Fernández Soria e Agulló Díaz da Universidade de Valencia preséntannos neste libro o resultado das súas pescudas coas memorias técnicas que os mestres e mestras valencianos realizaron entre os anos 1908 e 1909, e que os autores atoparon depositadas no Arquivo da Deputación Provincial. En principio hai que entender que estamos diante dun estudio no que, ademais dunha exhaustiva análise documental –no traballo so se fai referencia a 270 memorias das 1042 existentes–, aproxímanse hipóteses e explicacións, mesmo sobre a natureza administrativa destes documentos como da realidade escolar e profesional do maxisterio. De maneira que resulta doado comprender que son moitos os camiños que se lle abren ós historiadores desde a simple análise

das memorias, case sempre reiterativas pero non por elo menos singulares.

Nunha primeira ollada de seguida comprendemos que este laborioso traballo de investigación ten unha dobre utilidade para os historiadores. Por unha banda está a súa natureza específica de documento como tal. As memorias, construídas en primeira persoa por mestres e mestras, permítennos coñecer de xeito directo e privilexiado o desenvolvemento das prácticas educativas no ensino primario de principios do século XX, tan alonxadas, as máis das veces, das concepcións pedagóxicas nas que en principio se inspiraban. Pero ademais está o seu valor como biografía social que indubablemente trascende ó ámbito valenciano para se converter nun referente da sociedade española en conxunto. Complementarios entre sí, estes dous aspectos presentan vantaxes e inconvenientes que os autores descubren e analizan con acertado criterio. Estamos, pois, diante dun traballo nimio do que se desprenden non poucas conclusións e posibles territorios ceibos para futuras investigacións. Porque as memorias técnicas do maxisterio ademais de achegárganos unha visión bastante aproximada da institución escolar, amosan tamén defectos e perversións mesmo do lado dos seus autores como por parte das autoridades que as demandaban. Así, aqueles acoden a métodos moi instalados entre o colectivo mesmo desde o momento da súa formación, como é o caso da copia e reprodución acrítica dos temas publicados en libros e manuais. Aspecto este –o da copia- aínda por investigar como referente e modelo na formación dos mestres. No presente estudio ofrécense unha chea de exemplos cando menos significativos deste recurso perfectamente instalado entre o maxisterio. Por parte das autoridades habería que cuestionar

–e mesmo criticar, como nos recordan os autores do libro- a pouca adecuación das demandas, opinións e cuestións que se lle pedían ós mestres e mestras nas memorias, moi alonxadas as máis das veces das súas posibilidades reais mesmo profesionais como pedagóxicas. De aí o fracaso efectivo que supuxeron na práctica as memorias técnicas como instrumento informador.

O libro garda unha estrutura moi sólida que permite achegárganos á realidade educativa que se desprende da análise dos documentos estudados, e mesmo descubrir os defectos e as inercias desa mesma escola. De entre todos os temas posibles contemplados nas memorias –a lexislación abría a posibilidade ata a vinte temas distintos-, os autores, nesta ocasión, únicamente escollen dous: a educación moral e a educación das mulleres. Temas que os autores analizan en profundidade e extensión e que conforman as dúas partes esenciais nas que se organiza o libro. Partes ás que precede unha introducción axustada e necesaria que en si mesma pode considerarse unha crónica-estudio do que logo imos atopar ó longo do libro. O traballo conta ademais cun extensísimo e ricaz aparato documental en forma de apéndice que temos que agradecer e apreciar no que valen en tempos de limitacións e recortes editoriais.

Un libro oportuno o que agora nos achegan os profesores Fernández Soria e Agulló Díaz que non dubidamos se completará a non tardar con máis entregas que axudarán a comprender mellor o escenario educativo, profesional e mesmo social no que se desenvolveu a escola pública valenciana e española de principios do século XX.

J. Luis iglesias

GONZÁLEZ-AGAPITO, J., MARQUÉS, S., MAYORDOMO, A., SUREDA, B., *Tradicó i renovació pedagógica. 1898-1939. Historia de l'educació. Catalunya, Illes Balears, País Valenciá, Publicacions de l'Abadía de Montserrat, Barcelona, 2002, 700 pp.*

Tomando en consideración un amplo espacio cultural (Cataluña, Baleares, Valencia) todo el unificado por un feito cultural diferencial, marcado histórica, política e lingüísticamente, os autores desta densa monografía, recoñecidos investigadores das universidades dos citados territorios, realizan unha equilibrada síntese da historia educativa e cultural de tal espazo no período que vai de fins do século XIX á fin da IIª República española, logrando unha intelixible interacción entre diferentes escolas de observación dos diversos fenómenos educativos analizados. Logran presentarnos, como din os propios autores (p. 9), unha mirada xeral e múltiple sobre o panorama educativo para diversos públicos.

Un conxunto de seis capítulos ordenan e estruturan esta mirada xeral. Atende o primeiro aos proxectos e discursos pedagóxicos e socio-políticos. O territorio, en particular Cataluña coa cidade cabeceira Barcelona, sentía fortemente os impulsos da renovación pedagóxica, a través de distintas e destacadas vinculacións cunha parte considerable do movemento europeo da Escola Nova (co reforzo dos becados da JAE) e tamén coa ILE, campo onde se sitúan o alicantino Rafael Altamira, e outras figuras analizadas con mestría por Jordi Monés xa a fins dos pasados anos setenta. O territorio cultural estudiado estaba, pois, durante o primeiro tercio do século XX inserto no campo dos proxectos pedagóxicos innovadores. No campo dos discursos políticos destacou o rexeneracionismo catalán (o *noucentisme* de Eugenio D'Ors) coa súa atención á educación non formal, aínda que unhas perspectivas máis progresistas o republicanismo,

coa súa defensa dun modelo laico de educación (Blasco Ibáñez), e pola súa parte, o anarquismo e o socialismo tiveron asimesmo unha densa pegada (Ferrer, Puig i Elías, ...).

Alén dos discursos, os autores percorren no segundo capítulo a realidade escolar e a súa evolución desde o punto de vista estatístico e fáctico: a alfabetización, o ensino primario, a graduación escolar e outros aspectos pedagóxicos, a formación do profesorado, o ensino secundario e a cuestión de vindicación dunha escola na lingua do país.

A consideración da educación non formal e de diversas realidades ligadas á educación social (o lecer e o tempo libre, a educación para a lectura, o labor educativo de ateneos e outras asociacións culturais, a protección á infancia, e mesmo o labor formativo diverso das Igrexas) merece a atención do terceiro capítulo.

A elaboración de pensamento pedagóxico e as súas manifestacións no período da IIª República é motivo de atención no cuarto capítulo (pp. 443-489), sendo observados aquí os planteamentos e as respostas educativas elaboradas desde varios e destacados sectores sociais. Algo que se prolonga nas cuestións abordadas no quinto capítulo, no que o profesorado, desde o punto de vista dos modelos de formación é motivo de análise.

Por fin, no último capítulo abórdase e preséntase un infrecuente tratamento da educación non formal e da educación social ao longo dos anos 1931-1939: colonias, escultismo, excursionismo, a acción dos grupos católicos, a educación da muller, o mundo adulto, as bibliotecas, o cine, o teatro, ... mostrando o rico panorama de dinámicas socio-pedagóxicas propias dun espacio social con conciencia identitaria e cívica, no que a vitalidade democrática era cada vez maior.

Como din os autores, entre a tradición e a renovación. Unha adecuada obra de síntese. Unha mostra plural e rica da vitalidade educativa da cultura catalana, que se viu paralizada a partir de 1939 co triunfo do réxime político dictatorial, o que levou á destrución da anterior vitalidade e ao exilio de moitos dos seus actores, algo que ten analizado Salomó Marques en diversos momentos¹.

Antón Costa Rico

¹ A máis recente contribución a este respecto: MARQUÉS SUREDA, S., e MARTÍN FLECHILLA, J.J., *La labor educativa de los exiliados españoles en Venezuela*, Universidad Central de Venezuela, Caracas 2002.

TIANA FERRER, A.; JUAN BORROY, V.: Santiago Hernández Ruiz y la educación de su tiempo. 1901-1988. Miradas desde un centenario, Uned-Calatayud, Zaragoza, 2002, 276 pp.

Niste noso tempo de ignominia e barbarie, de irracionalidade e de mentiras, de desenterramentos de ósos para recuperar a verdade e coñecer outra barbarie, non está mal adicarlle un lugar, unha meditación ou un libro á nosa memoria pedagóxica colectiva e plural, personalizada en mestres que deixaron trazas, principios, paradigmas, como é sen dúbida o caso de Santiago Hernández Ruiz, aragonés querido e homenaxeado polos seus e por xentes de outros lares, sabedores tamén iles da conducta modélica do mestre de Atea.

Non é a primeira vez que a Universidade aragonesa nos sorprende cunha publicación de calidade. Xa os traballos de "Aragón en el aula" marcaran un referente. E, animando ese traballo creativo, riguroso, eficaz- aparece Víctor Manuel Juan Borroy, sempre aparentemente na sombra, pero asomado sempre o balcón dos traballos históricos máis vangardistas. Víctor Manuel e o seu coñecemento profundo e entregado de Santiago

Hernández Ruiz... E, neste caso, co apoio, entre outros, dun peso pesado da Uned que figura habitualmente nas principais batallas "históricas" ibéricas: Alejandro Tiana Ferrer, sempre tamén presente cando se fala de reforma ou innovación.

Con iles, un clásico da investigación aragonesa e "costeña": Eloy Fernández Clemente e unha experta en historia da formación do profesorado: María Rosa Domínguez Cabrejas. E, xunto a iles, como unha pincelada enérxica na paisaxe republicana e guerracivilista (¡Teruel!) un profesor da fronteiriza Universidade de Valencia, Ramón López Martín, que fala sobre "el aliento pedagógico en el Teruel republicano".

E aí está tamén a presenza de dous dos nosos: María Dolores Cotelo e Luis Iglesias, con un tema dos que queiman: "Ilustradas e Maestras. Proyección social, cultural y profesional del magisterio femenino en los primeros años del siglo XX", moi na liña de investigación dos dous profesores da Universidade da Coruña.

E non podían faltar, claro, guindas como as de José María Hernández Díaz (escribindo sobre Adolfo Maíllo), Julio Ruíz Berrio (a propósito da pedagogía do exilio) ou Gabriela Ossenbach (detrás das trazas de Santiago Hernández como experto da UNESCO en América Latina)... *Voilà un joli bouquet!*...

Hermínio Barreiro Rodríguez.

MESTRE SANCHIS, A., Humanistas, Políticos e Ilustrados, Publics. da Universidade de Alicante, 2002

O profesor Mestre Sanchis, un dos mellores coñecedores da historia cultural española do Antigo Réxime, detense na presente ocasión nunha cuestión que para algúns parecería contradictoria: unir e interrelacionar humanismo e ilustración. En efecto, hai elementos de contra-

posición como modelos de pensamento e de confrontación coa realidade entre dúas miradas, unha sobre o pasado e outra aberta cara ao futuro. Sen embargo, houbo ilustrados destacados en toda Europa que desde esta posición básica non renunciaron, de por parte, a integrar aportes culturais procedentes do humanismo. Entre nós, o Padre Sarmiento, quen dubida, un ilustrado –un concepto amplo da ilustración– era tamén un profundo humanista.

Mestre Sanchís analiza este diálogo entre Humanismo e Ilustración por parte de destacados pensadores, tratadistas e políticos hispanos, logo de revisar no capítulo primeiro da súa contribución a decadencia dos colexios de humanidades no século XVII. Con cuidado e riqueza de datos e de apreciacións examina o cambio de mentalidade e a renovación humanista ao longo do século XVIII ('o reverdecer dos estudos clásicos'), en convivencia co desenvolvemento dunha mentalidade ilustrada que non quería prescindir dunha herdanza cultural tan reputada como valiosa. Algo que se vai examinando ao longo de seis capítulos, que se cerran cun epílogo sobre a cuestión.

Antón Costa Rico

RAMÍREZ AISA, E: Educación y control en los orígenes de la España liberal. Madrid, Biblioteca Nueva, 2003.

Se trata de una de los últimos libros publicados por la editorial Biblioteca Nueva, en este caso en colaboración con la UNED. Su autor, Elías Ramírez Aísa, es licenciado en Filosofía y Letras por la Universidad Complutense y doctor en Filosofía y Ciencias de la Educación por la UNED. El libro va prologada por el profesor Manuel de Puelles Benítez.

La oportunidad de la obra es evidente en cuanto viene a esclarecer las complejas relaciones que se establecen entre el estado liberal y el moderno sistema educativo que con grandes vacilaciones y contradicciones construyen los liberales en la primera mitad del siglo XIX, máxime si reconocemos, según considera un especialista en el ámbito de la política educativa como es Manuel de Puelles, que todavía hoy no se domina bien el proceso de creación del Estado liberal ni desde la historia general ni desde las historias sectoriales, entre las que se encuentra la historia de la educación. El estudio de Elías Ramírez viene a cubrir parcialmente este vacío, abordando en toda su complejidad la génesis de una moderna actividad, la de control, supervisión o inspección, que nace ligada al propio sistema educativo y constituye uno de los elementos esenciales del mismo.

Tenemos que reconocer que la historia de las instituciones educativas ha permanecido un tanto aparcada en los últimos tiempos mientras florecían otro tipo de trabajos, más próximos a la historia económica y social, producto de las corrientes historiográficas que han dominado en los últimos tiempos. Estudios como el de Elías Ramírez confirman la recuperación de una vieja línea de estudios sobre una nueva base metodológica que pretende integrar, con óptimos resultados, lo jurídico con los ámbitos político, social y económico.

El trabajo reconstruye el largo camino que conduce desde los cimientos del sistema educativo nacional a la inspección profesional con la creación del cuadro de inspectores de enseñanza primaria por los liberales moderados en 1849. Sirviéndose el autor de un recurso metodológico importante, como es la distinción entre función inspectora –la cual requiere un trabajo de cuantos están inmersos en la comunidad educativa- e inspección –es decir, su efectiva

profesionalización-, le ha permitido estudiar los distintos agentes que durante la primera mitad del siglo XIX ejercieron dicha función, como son la Dirección General de Estudios, la Inspección General de Instrucción Pública, las comisiones provinciales y locales, rectores, directores de establecimientos públicos... hasta que la función inspectora se profesionaliza, es decir hasta que se crea un órgano especial del Estado que, en estrecha dependencia del poder político y mediante el despliegue de técnicas administrativas, vela por el cumplimiento de la legalidad educativa. Ello evidencia el paso de una primera concepción colegiada de la Inspección, al otorgar el liberalismo gaditano la función inspectora a la Dirección General de Estudios, concepción que se mantiene incluso en la tercera época constitucional, la que se abre en 1834 aunque el control lo ejercen ahora fundamentalmente las comisiones provinciales y locales de enseñanza primaria, a otra concepción centralizadora y monocrática, confirmada en 1849 por el liberalismo moderado, que opta por el ejercicio de la inspección del sistema educativo por medio de agentes unipersonales al servicio del poder del Estado. El cuerpo de inspectores de enseñanza primaria será su expresión ya precedida por la opción de facultar al rector, un órgano unipersonal, el control de la segunda enseñanza y de la universitaria.

En cualquier caso nos encontramos ante un trabajo que por los objetivos que se plantea como por la metodología que adopta dista mucho de parecerse a las monografías que ya existen sobre la inspección educativa consolidada, producto de simples recorridos –aunque no por ello de escaso interés– por las disposiciones legales que normativizan la función inspectora. También aquí las disposiciones legales han sido un punto de referencia importante, pero solo complementario de otros ángulos metodológicos. Elías Rodríguez pretende supe-

rar el positivismo legal, consciente de que “la letra de la ley difiere con harta frecuencia de la realidad, de la vida de ese fondo continuo que constituye la sociedad”. Por ello ha acudido también a la historia económica, social y política que, junto a la letra de la norma, constituyen el soporte metodológico del trabajo, con especial atención a las diversas concepciones del liberalismo sobre la manera de concebir la estructura del Estado y el control educativo. Todo ello sin olvidar la perspectiva comparativa que ofrece el autor, intentando identificar los modelos sobre los que se construye la función inspectora en España.

Se trata en definitiva de un trabajo imprescindible tanto para conocer la génesis de nuestra inspección como para comprender mejor la construcción de nuestro sistema educativo y especialmente revelador de la trayectoria de un órgano escasamente conocido en la historia de nuestro sistema educativo como es la Dirección General de Estudios, a quien la Constitución de Cádiz recomienda la inspección de la enseñanza pública.

Carmen Benso

PORTO UCHA, A. S.: *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na Segunda República, Guerra Civil e comenzos do franquismo. Ponteareas (Pontevedra), Alen Miño, 2003, 294 pp.*

Trinta e seis historias. Trinta e seis vidas. Trinta e seis homes e mulleres. Mestres e mestras marcados pola mesma traxedia: a inxusticia da depuración. A irracionalidade dunhos poucos que por un tempo de triste acordo se convertiu no fio conductor da inxusticia na que asulagaron con especial teima ó maxisterio. A longa noite de pedra que denunciaba o noso Celso Emilio que se botou con xenreira enriba dos depositarios da palabra e o coñecimento:

os mestres. Con firme pulso narrativo –nada fácil de conseguir cando hai un compromiso sentimental e profesional– o profesor Porto Ucha ven de agasallarnos cun libro moi vivido. Resultado dun traballo intenso e do compromiso persoal que ten desenvolvido na localización e reconstrucción de todas e cada unha das historias que nos presenta. Con tono equilibrado, aínda nos capítulos máis difíciles e tráxicos, o autor vai debullando, unha a unha, a vida dun acio de mestres e mestras que son fidel representación da represión e persecución que o maxisterio padeceu nun tempo que temos a obriga de non esquecer.

Nos últimos anos a historiografía galega ven completando o capítulo correspondente á depuración do maxisterio perante e despois da Guerra Civil. Representativos desta línea de investigación son os traballos de María Xesús Blanco a propósito da represión franquista na provincia de Lugo, ou as aportacións recollidas polo profesor Antón Costa no seu *Escolas e Mestres*. Últimamente chegounos a aportación sentida e poderosa do profesor Narciso de Gabriel a propósito da vida e morte de mestre Arximiro Rico. Pero queda moito por facer. De aí que teñamos que recibir con ledicia esta nova aportación sobre a depuración do maxisterio galego da man do profesor Porto Ucha.

Con deseño editorial envexable, o libro, de tacto agarimoso e sustancial, artéllase en cinco capítulos, moi ben ensarillados. O corpus central do libro, eixe e referente de todo o discurso, comprende os capítulos IV e V. Neles aborda de xeito preciso a depuración do maxisterio pontevedrés. No capítulo IV fai unha exposición xenérica aínda que moi matizada do proceso para pasar, no capítulo seguinte, a presentarnos a reconstrucción biográfica –Historias de vida– de trinta e seis mestres: trinta e tres homes e tres mulleres. Sorprendentes, latexantes, tráxicas as

máis das veces, van pasando diante de nós as vidas dunhos profesionais chamados a cambiar o país e que por contra viron como o facho que eles portaban foi apagado e as súas esperanzas perseguidas e silenciadas.

Había que buscar un fío conductor que dera sentido e xustificara a selección dos mestres e mestras que finalmente figuran no libro. A Escola de Maxisterio de Pontevedra, tan querida e ben coñecida polo profesor Porto Ucha, remata por se converter no referente obrigado de todos e cada un dos mestres e mestras biografiados. Así o capítulo II está adicado a analizar o desenvolvemento institucional da Normal pontevedresa no período que vai desde 1931 ó 1945. Mentras que no capítulo III fai un percorrido polo período republicano para tentar perfilar cal era o estado da cuestión educativa: a situación escolar, as innovacións ou mesmo as Misións Pedagóxicas que se desenvolveron na provincia de Pontevedra, entre outras. Deixamos para o final, con premeditada intención, o referirnos o capítulo I, co que se abre o libro. Nel o autor fai unha análise das Historias de Vida na investigación histórico-educativa. Non se esquence de tratar a Historia oral como técnica mesmo analizando as súas vantaxes e inconvenientes. Finalmente nunha síntese esencial achéganos a unha guía metodolóxica para traballar Historias de Vida que non dubidamos rematará por se converter en referente obrigado para os investigadores que escollan este modelo de traballo.

Estamos pois diante dun libro xa imprescindible para o estudo da depuración do maxisterio, mesmo na historiografía galega como española.

J. Luis Iglesias